

BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME I / NUM. 3
SEMANAS 45-46/1986
(3 ó 16 de novembro)



19 DE XANEIRO DE 1987

MEDIO AMBIENTE SAUDABLE (e II)

Obxectivo 20.

Control da contaminación da auga

De aquí a 1990, tódalas poboacións da Rexión deberán dispoñer de cantidades suficientes de auga potable e, de aquí a 1995, a contaminación de ríos, lagos e mares non deberá constituír unha ameaza para a saúde humana.

Para acadar estes obxectivos será necesario que nos países menos desenvolados da Rexión se efectúe un aumento dos investimentos dedicados á construción e o mantemento de redes de auga potable para a alimentación, que exista unha mobilización da asistencia internacional e bilateral para fortalecer os recursos nacionais e unha formación e utilización de efectivos suficientes en persoal adecuado. En tódolos países da Rexión deberán adoptarse as medidas lexislativas, administrativas e técnicas para vixilancia e control da contaminación das augas superficiais e das subterráneas, a fin de cumprir os criterios de protección da saúde pública.

Enunciado do problema

Unha vez demostrado que a auga potable e o saneamento son indispensables para a protección da saúde humana, a Asamblea Xeral das Nacións Unidas decidiu adoptar a resolución 35/18 sobre o Decenio Internacional da auga potable e do saneamento. As enfermidades ligadas á auga constitúen un problema importante de saúde pública e son unha causa importante de mortalidade nos países en desenvolvemento. Estímase que máis de cen millóns de persoas na Rexión carecen de subministración de auga de calidade aceptable e que douscentos cincuenta millóns non dispoñen dun saneamento correcto. Mesmo nos países europeos máis avanzados, ó redor do 10 por 100 dos nenos ingresados en hospitais son por enfermidades de tipo diarreico. As enfermidades ligadas á auga dunha ou doutra forma (paludismo, esquistosomíase) tenden a aumentar nalgunhas zonas da Rexión. O crecemento da poboación e a afluencia de turistas nos países cálidos fixeron máis patente a demanda de auga en boas condicións.

Tamén nas zonas máis desenvoladas da Rexión subsisten graves problemas en materia de subministración de auga e de saneamento, particularmente nas rurais, e estímase que 35 millóns de persoas carecen de subministración de auga de boa calidade e que 100 millóns non posúen un sistema eficaz de inodoros.

Todo defecto no sistema de condución, sexa un escape, unha interrupción do servizo, un mal funcionamento ou unha deficiente conservación, representa un perigo potencial para a saúde. Non se debe regatear nada para que tódolos sistemas funcionen de xeito continuo e eficaz, dando especial importancia ás operacións de desinfección.

Debido ó aumento da demanda fronte ó limitado dos recursos de auga, unha proporción, cada vez máis grande, das necesidades públicas detráese dos cursos de auga e das augas subterráneas que están expostas á contaminación por unha gama, sempre crecente, de substancias potencialmente tóxicas provenientes de fontes domésticas, industriais e agrícolas. As augas subterráneas son difíciles de sanear unha vez que foron contaminadas. A presenza natural de substancias tales como o arsénico e as concentracións excesivas de fluoruro pode presentar un problema de saúde pública e mesmo o grao de dureza da auga está considerado como un factor de enfermidades cardiovasculares. Nas vivendas antigas, nas que as tuberías eran de chumbo, pódense atopar concentracións apreciables deste elemento na auga. Certas formas de tratamento da auga nas redes públicas poden dar lugar a substancias potencialmente nocivas.

A diminución da contaminación nas grandes masas de auga non corresponde sempre á responsabilidade dunha soa nación. Cando os cursos de auga atravesan ou discorren polas fronteiras internacionais, ou cando os grandes estratos acuíferos son compartidos entre varios países, é esencial establecer unha colaboración internacional.

A contaminación dos cursos de auga, dos lagos e das augas litorais pode representar un risco se estas augas son utilizadas para a alimentación, o baño ou a acuicultura. As enfermidades entéricas e a hepatitis frecuentemente estiveron asociadas ó baño nas augas contaminadas do Mediterráneo, e o consumo de mariscos procedentes de augas contaminadas ten sido a orixe de numerosos casos de infección. Pola contra, as augas non contaminadas poden representar un importante recurso recreativo beneficioso para a saúde.

Solucións posibles

Este obxectivo poderá realizarse se tódolos países procuran que o conxunto da poboación dispoña dunha subministración de auga de acordo cos valores indicados pola OMS para a auga potable e toman medidas eficaces

para protexer da contaminación tanto os recursos de auga doce como os de auga de mar.

As medidas precisas para realizar este obxectivo consistirán especialmente en efectuar os investimentos oportunos para poder asegurar unha subministración suficiente de auga potable, administrar ou conservar de xeito eficaz os sistemas de captación, de tratamento e de distribución. Será necesario establecer as estratexias nacionais sobre a protección das reservas de auga como parte constitutiva da política global de xestión relacionada coa auga e confiar no seu mantemento a servizos eficaces de anticontaminación das augas subterráneas e evitar os escapes de substancias potencialmente tóxicas procedentes de fontes non controladas ou puntos de descarga de residuos perigosos. Os plans de ordenación do territorio ou de ocupación de solo poden tamén ter unha gran influencia sobre a calidade da auga. Por último, é necesario exercer un control máis eficaz sobre os métodos agrícolas que poden daniar a calidade da auga.

A realización destes obxectivos virá facilitada pola adopción de acordos internacionais establecidos por todos os países interesados para a elaboración e aplicación das medidas que protexan a calidade das augas mariñas, particularmente nas zonas destinadas a mariscos. Tamén será importante adoptar os protocolos oficiais de loita contra a contaminación no caso de países que teñan reservas de auga comúns.

Obxectivo 21.

Control da contaminación do aire

De aquí a 1990, todas as poboacións da Rexión deberán ser protexidas eficazmente dos riscos contra a saúde relacionados coa contaminación do aire.

Para acadar este obxectivo, haberá que adoptar medidas lexislativas, administrativas e técnicas eficaces para a vixilancia e redución da contaminación do aire exterior e interior que respondan ós criterios de protección da saúde humana.

Enunciado do problema

En casos extremos, os episodios agudos de contaminación do aire producen, como se sabe, graves perturbacións e ata a morte das persoas. Pola contra, son menos coñecidos os resultados dunha longa exposición ás concentracións lixeiras de contaminantes, aínda que se estea informado dos efectos nocivos dos tóxicos de xofre e das partículas, dos óxidos de nitroxenados e dos hidrocarburos, por exemplo. A ampla utilización de combustibles fósiles para a produción de enerxía e o transporte, particularmente carbón e petróleo, tivo como consecuencia o aumento considerable de óxidos de xofre e de óxidos de nitróxeno. A circulación automobilística nos países europeos aumentou nun 30 por 100 ó longo destes dez últimos anos e as súas emisións nocivas tiveron efectos directos e indirectos sobre a saúde humana. A migración a través das fronteiras dos óxidos de xofre e nitróxeno, así como os movementos doutras contaminacións e as chuvias ácidas son, cada vez máis, temas de preocupación na Europa do Norte e na Europa Central. Os cambios climatolóxicos a longo prazo que resultan da contaminación do aire poden ó cabo ter efecto sobre a saúde e o ben-estar humanos; a este respecto, pódese mencionar, en particular, os efectos directos de emisións intensas de dióxido de carbono sobre a temperatura da atmosfera e o efecto eventual da destrución parcial da

capa de ozono polos axentes propulsores de aerosoles e sobre a incidencia do cancro de pel.

A contaminación do aire no interior dos locais por substancias que veñen do exterior, emitidas por materiais de construción ou producidas polo home e as súas actividades no interior dos locais, é un problema que tende a agudizarse coa adopción de novos materiais e a redución dos ocos de ventilación para economizar enerxía.

Solucións posibles

A realización deste obxectivo necesitará unha atención preferente nas medidas nacionais para reducir as emisións procedentes das instalacións industriais, de aparellos domésticos e de vehículos a motor, e unha sensíbel redución dos contaminantes do aire interior. Serán necesarias medidas lexislativas, económicas e técnicas baseadas en criterios internacionalmente aceptados. En certos casos, a contaminación do aire reducirase sensíbelmente se se utilizan outras materias primas, outras técnicas ou se se modifican os procedementos de produción. Acordos internacionais eficaces permitirán limitar progresivamente os contaminantes do aire, encanzándolos a gran distancia, como os óxidos de xofre e os óxidos de nitróxeno. Informacións sistemáticas, especialmente baixo a forma dunha vixilancia epidemiolóxica, deberán ser efectuadas de acordo cos protocolos internacionalmente concertados para determinar os efectos dos contaminantes do aire para a saúde durante longos períodos de tempo.

Obxectivo 22.

Seguridade dos alimentos

De aquí a 1990, os Estados membros deberán reducir sensíbelmente os riscos relacionados coa contaminación dos alimentos e poñer en acción medidas para protexer os consumidores dos aditivos nocivos.

A realización deste obxectivo esixirá: adoptar medidas lexislativas, administrativas e técnicas eficaces para a vixilancia e diminución da contaminación alimentaria en todas as fases de produción, distribución, almacenamento, venda e uso; e establecer medidas para controlalo uso de aditivos alimentarios nocivos.

Enunciado do problema

Os sistemas para detectar as intoxicacións alimenticias son insuficientes e estímase que só o 5 por 100, como moito, dos incidentes agudos son declarados na maioría dos países. A relación entre estes casos e a existencia ou non de subministracións de auga potable e de saneamento está ben establecida.

As substancias químicas que proveñen de fontes naturais, industriais ou agrícolas poden prexudicar a seguridade dos alimentos. Os efectos posibles van da intoxicación aguda á canceroxenidade ou a outros danos reproducidos despois de longos prazos. Se se coñecen mal os efectos da ingestión de lixeiras concentracións de substancias químicas potencialmente nocivas, non é discutible que a evolución técnica arrastre un crecemento constante do número e da serie das substancias químicas ás que se expón a poboación. Así, os recentes plans establecidos para o control do cadmiun alimentario revelaron, por exemplo, que os valores europeos estaban preto da dose semanal admisible. Ademais, centenaes de substan-

cias químicas son utilizadas como aditivos alimentarios para mellora-la calidade e o aspecto dos alimentos preparados: unha valoración toxicolóxica e un control sistemático destes aditivos son, pois, indispensables.

A evolución dos hábitos sociais, a práctica do turismo e o ingreso dunha gran parte de poboación feminina no mercado de traballo produciron modificacións profundas no consumo alimenticio. En certos países, a maioría das comidas están preparadas fóra da casa; a restauración das masas substituíu a cociña caseira, o que suscita novos problemas ligados á evolución dos métodos de produción, de conservación e de preparación de alimentos.

Solucións posibles

A realización deste obxectivo esixe o establecemento rigoroso de sistemas de control ben coordinados aplicados á produción, á distribución, ó almacenamento, á venda e consumo de alimentos e ó emprego dun persoal cualificado e eficaz que traballe, individualmente ou en equipo, no control dos alimentos. Ademais, trátase de facer evolucionar as actitudes das persoas mediante campañas de información e de educación que inclúan o estudo dos alimentos nos programas das escolas. Tendo en conta o rápido crecemento do comercio internacional en artigos alimenticios, a normativa dos diferentes países que lles afecte deberá basearse nos regulamentos internacionais previamente aceptados.

Obxectivo 23.

Control dos residuos perigosos

De aquí a 1995, tódolos Estados membros deberán suprimir os riscos principais para a saúde relacionados coa eliminación dos residuos perigosos.

Para realizar este obxectivo será necesario: adoptar medidas legislativas, administrativas e técnicas eficaces para o control e a vixilancia dos residuos perigosos; adoptar medidas eficaces para eliminar os riscos para a saúde debidos ós residuos xa descargados.

Enunciado do problema

As cantidades de residuos producidos na Rexión europea son considerables. Nos países membros da Comunidade Europea, por exemplo, prodúcense anualmente dous mil millóns de toneladas que abranguen 30 millóns de toneladas de residuos considerados como perigosos. A industria química desenvólvese de maneira continua desde hai máis de un século e a produción de certas substancias importantes aumentou o 30 por 100 ó longo dos dez últimos anos; esta progresión está inevitablemente acompañada dun incremento considerable na produción de residuos, dos cales algúns poderán constituír unha ameaza para a saúde, e para os que non foron tomadas medidas eficaces de eliminación.

Un certo número de incidentes graves ocorridos no curso dos últimos anos causaron unha contaminación masiva do solo e das augas subterráneas. Pero tamén se produciron ó mesmo tempo numerosos casos, menos espectaculares, de contaminación de longa duración debidos ó emprego de métodos ineficaces de eliminación, que foron a orixe de riscos para a saúde.

Os vertidos clandestinos de contaminantes nas correntes de auga e nos conductos da rede pública continúan producíndose de cando en vez e nun 90 por 100 dos

casos as autoridades ignoran onde se verten estes residuos e de onde proceden.

Nalgúns países ocorre que, normalmente, os pesticidas se manexan sen precaucións e que aínda recipientes, parcialmente cheos, se abandonan á intemperie. Por outra parte, non sempre hai sistemas de recollida e de eliminación non contaminante de produtos de consumo que presentan un risco, como os aceites usados e os produtos químicos de limpeza. Con frecuencia, as materias químicas, potencialmente tóxicas, son transportadas e almacenadas sen etiquetar claramente e sen adoptar precaucións suficientes contra os vertidos ou os escapes. En certos países non hai nada previsto para ensinar ós usuarios de substancias perigosas sobre os seus perigos potenciais.

Solucións posibles

Este obxectivo poderá ser acadado se tódolos países toman medidas legislativas, administrativas, técnicas e educativas completas para garantir a seguridade na manipulación, no transporte e na eliminación de residuos perigosos, e especialmente en eficaces acordos internacionais que traten do transporte a través das fronteiras.

Nalgúns casos, as medidas técnicas comprenderán a reciclaxe dos residuos, a fabricación de subprodutos útiles, a utilización doutros métodos de produción ou a escolla doutras materias primas.

En determinados sitios, tomaranse medidas para eliminar os riscos sanitarios debidos ós residuos que se descargaran no pasado, ás veces moitos anos antes.

Mellora das condicións do medio ambiente

O feito de viviren e traballaren en malas condicións somete os seres humanos non só a unha contaminación física, química e biolóxica, senón tamén a efectos psicolóxicos e sociais desfavorables, que son máis considerables nos grandes centros urbanos. A pesar da existencia de importantes plans de construción de vivendas en case tódolos países da Rexión Europea ó longo dos últimos anos, millóns de persoas viven aínda en habitacións que non responden ás normas fundamentais de salubridade, nas que se padece amontoamento, humidade, insuficiente calefacción e non se dispón de instalacións sanitarias correctas. A saúde e a seguridade no lugar de traballo é tamén un tema que preocupa moito na maior parte dos países da Rexión europea; sen embargo, ocorre con frecuencia que os traballadores das pequenas empresas non se benefician da mesma protección que teñan os empregados dos grandes complexos industriais, cos que deberá colaborar activamente para mellora-las condicións sanitarias tanto nos domicilios coma nos lugares de traballo.

Obxectivo 24.

Colectividades humanas e vivendas

De aquí ó ano 2000 tódalas poboacións da Rexión deberán dispoñer de mellores condicións de vida dentro dun hábitat individual e colectivo que lles ofrezca un medio ambiente san e seguro.

A realización deste obxectivo precisará das seguintes medidas: aceleración dos programas de construción e

ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARA

SEMANAS 45-46/

COMARCAS	BRUCELOSE (023)		DISENTERIA BAC (SHIXELOSE) (004)		ESCARLATINA (034)		FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2)		GONOCOCIA (URETRITE GONOCÓCICA) (098.0)		GRIPE (487)		HEPATITE VIRICA (070)		INFECCIÓN MENINGOCÓCICA (036)		NEUMONIAS (480-486)	
	1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
A CORUÑA																		
1 CEDEIRA						3		1	15		8	251		5			2	49
2 ORTIGUEIRA									17		24	635		5			1	22
3 NARÓN								1	10		14	986		14		2	3	37
4 AS PONTES						3			49		137	2.747	3	84		2		7
5 FERROL						30			37			7.480		155		1		4
6 FENE						3		2	10		56	2.045	1	18				12
7 PONTEDEUME								1	1	48	73	4.310	1	10			2	59
8 CEE						6		2	1	13	107	2.966		4		1	1	67
9 VIMIANZO												118						
10 PONTECESO						6			2	24	50	1.558	1	24		1	2	120
11 CARBALLO		1						1	4	79	67	2.652		7		3	2	103
12 ARTEIXO						2	1	2	10			33		3				7
13 A CORUÑA				1		36	1	10	16	241	1.002	23.276	19	239		20	9	145
14 CULLEREDO-O BURGO				1				1	2	65	18	912	3	32		1	4	104
15 OLEIROS				1				2	26	21	591							4
16 BETANZOS						14		1	3	75	44	2.717		9			8	118
17 SANTA COMBA									2	31	55	672		4			2	19
18 NEGREIRA						2		5	3	63	10	693		14		1	6	191
19 ORDES						3		3	16	178	148	3.711	1	10			9	231
20 CURTIS-TEIXEIRO		1			1	2			1	10	8	614		2				20
21 SANTIAGO						5		8	3	42	45	10.237	1	52		7	2	219
22 MELIDE						2			2	16	4	355		11				10
23 MUROS								2		9		625		1				38
24 NOIA		1						1	16	10	1.379		19		4	1		54
25 PADRON								4	4	84	35	2.907		7	1	1	5	91
26 BOIRO								2		6	38	654		4			3	
27 RIBEIRA						2	2	3	1	8	131	2.650		11				
PONTEVEDRA																		
28 A ESTRADA							1	1	2	11	76	2.518	2	21				24
29 LALIN						15		19	1	53	30	2.789	2	19		2		56
30 VILAGARCIA DE AROUSA			1	11			2	32	3	61	153	4.296	2	68	1	6		12
31 CALDAS DE REIS						3			3	3	23	508		10	1	3		21
32 VILANOVA DE AROUSA						1		2		6	25	991		13			1	23
33 CAMBADOS								1	1	21	10	948		4		3		28
34 O GROVE						1		2				328				1		6
35 SANXENXO								2	3	13	21	695		14		3		21
36 PONTEVEDRA				56	1	14	1	16	4	36	294	8.761		144	1	17	5	178
37 FORCAREI								1			6	489		4				22
38 MARIN						3		2		7	96	1.594		60		1		49
39 CANGAS				2				4	1	3	35	1.326		8		2		2
40 REDONDELA						1	2	19	2	20	1.788		2	10		4	1	19
41 VIGO		1					2	17	6	68	96	1.651		21	1	47	2	9
42 VAL MIÑOR-PANXON								12		6	34	878		13		8	2	39
43 PORRIÑO								23		18	39	1.133	1	27		11		46
44 PONTEAREAS								6	3	44	34	1.339	1	33	1	3		26
45 A CAÑIZA								6		1	76	1.131	5	6		1	8	45
46 A GARDA								5	1	33	18	721		36		2	2	46
47 TUI								5	2	23	50	1.167		1		2	1	46
48 SALVATERRA DE MIÑO								12			49	1.178		9		6		14
49 VIVEIRO						3			1	52	36	901		1		1		29
50 CERVO-BURELA		1				1		1	3	52	19	990	7	92		8	1	38
51 MONDOÑEDO										1		15		1		1		
52 RIBADEO		1				2			1	10	27	2.043		4			1	24
53 VILALBA						12			3	33	16	814		6	1	8	1	33
54 MEIRA		1		1						31	45	1.522		4			2	98
55 FONSAGRADA						2			9	7	607				1	1		50
56 GUITIRIZ		1								19		216				1		4
57 RABADE		3							5	27	6	638	1	2			1	21
58 LUGO		2	1	38		1	1	1	2	72	153	4.686	8	139	1	23		19
59 CASTROVERDE		1								3	7	198		2		1		9
60 PALAS DE REI										4		305						2
61 MONTERROSO						38				2	13	53	1.140		4	1		207
62 SARRIA		1		1				1	2	59	22	2.841		173		6	6	138
63 BECERREÁ		1							5	37	104	2.906		2		2	1	67
64 CHANTADA		1							7	50	82	1.845	1	37			8	145
65 MONFORTE DE LEMOS		5		2				2		9	16	796		7	1	4	1	17
66 QUIROGA		3								15		134		2				6
67 O BARCO		3		1			1	9		37	231	4.827		10		1	2	33
68 O CARBALLIÑO								9	3	43	86	4.401		11	1	3	2	43
69 RIBADAVIA						1		23	4	63	143	2.813		26		2	9	79
70 OURENSE		7		2		6		30	7	45	86	2.901	4	30	1	72	9	195
71 MACEDA		3						2	17	27	1.616		7			3		73
72 CASTRO-CALDELAS								2	6	38	27	878		20		1		33
73 A POBRA DE TRIVES		8				1			1	9	9	1.281				1	1	36
74 VIANA DO BOLO		2							3	10	41	765		1				18
75 CELANOVA				1		2		10	1	64	74	3.263		9	1	1	1	44
76 ALLARIZ		2		2				1	3	62	65	1.327		3		1	3	43
77 BANDE						4		12	1	39	11	750				4		8
78 XINZO DE LIMIA		4				4		7	5	149	24	2.107		4	1	6	1	46
79 VERÍN		12						11		53	56	3.227	1	9			1	56
80 A GUDIÑA		7						3	8	41	45	666		1		3	1	17

DECLARACIÓN OBRIGATORIA

DECLARACIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL

1986 DO 3 Ó 16 DE NOVEMBRO

PAROTIDITE (072)	PROCESOS DIARREICOS OUTROS (006-009)		RUBEOLA (056)		REUMATISMO CARDIO-VASCULAR (290-392)		SARAMELO (055)		SIFILE PRIMARIA- SECUNDARIA (091-092)		TOS FERINA (033)		TUBERCULOSE RESPIRATORIA (010-012)		VARICELA (052)		PROCESOS RESPIRATORIOS (L.R.A.) (460-466)		INTOXICACIÓN ALIMENTARIAS (003 e 005)		OUTRAS E. D. O.	
	1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986		1986			
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.		Casos
	2	5	259		2			74				6			13	39	28	1.105				1
	7	7	236		10			14	100	1		1				142	97	1.714				2
	2	16	273		7			3	108						3	34	59	2.196			7	3
1	9	32	976	1	47				13	1					2	260	392	7.642			4	4
	7		3.006		33				117	4		35		20		652		19.788			4	5
2	18	10	887		1				18			5		1	1	151	72	3.177				6
	25	14	426	1	8				12	1		8		1	12	105	165	4.805				7
	4	45	991		14				70	1				3		82	192	2.089	5	5		8
	1		35											6		112		5				9
1	8	23	690		32				31	1		14		4	1	126	241	3.947				10
		2	331		2				4	1	9			13		173	42	5.092				11
	7		1.495		6				10	1				6		31		3.853				12
6	161	402	8.654	1	88			1	477	3	23	8	139	5	65	17	1.755	2.614	52.526		15	13
	10	5	453		29				85	1	5			10		209	226	5.350				14
9	22	22	170		1				45		2			1	3	193	38	869			79	15
	25	51	1.349	1	13				23					17		180	235	7.013				16
		37	349						86					1		26	89	1.073			30	17
	18	3	380	2	18				14		2			2	21	150	1	542				18
	128	13	406	1	105			6	538	1		1	32		4	185	177	3.329				19
	4	5	160		1				1							24	20	458			17	20
	18	13	1.127		10				556		5			5	1	475	104	5.383			222	21
	1	4	157		1				44					1	32	84	86	1.422			24	22
	3	27	637		3				6		3			3		61	64	1.787			6	23
	4	18	310		35				94		2			6	1	198	36	1.452	7	10		24
	25	14	433		24			4	180					1	11	233	40	1.057			203	25
		13	598		1				6							53	37	842				26
	5	27	525		16				15		3			8	55	125	9	305			6	27
	3	1	978		12		4		10	1				6	1	94	93	3.409				28
	23	60	1.082		187		1		104	1			6	9	15	312	297	5.033			3	29
1	25	107	2.678	2	21		2			1			4	7	26	267	710	13.615			4	30
		11	312		2		12							5		41	30	503	1	24		31
	1	10	342		28	1	6					2		2	10	148	11	229				32
1	5	2	518		9		3		5		1		34	3	2	316	21	1.540			14	33
			340		2										12	92	29	1.151				34
1	19	1	529				2		3					1	3	30	17	571			100	35
	17	344	6.280	6	15		4		5	1	11		6	3	34	28	598	946	21.143		2	36
		3	75		1				2							25	22	475				37
	5	20	669		4		2		1		1			14		36	246	3.553				38
	10	18	402		4									11	3	286	43	1.505			19	39
	2	32	631		1				18		3		6	3	8	130	118	1.689				40
	1	12	284		3					4	44		1	3	55	76	150	2.409			39	41
	1		1.414		74				6		3			6		131	51	1.376				42
	6	20	899		6				1		2			12	7	122	129	2.966				43
1	9	15	786		35		4					2		1		33	41	1.508			36	44
	3	54	1.148	2	31				8		1					99	55	1.043				45
	3	41	532		7		1				1			4	27	58	58	1.044			3	46
	4	15	520		9				3				2	9		15	39	1.977			113	47
	3	33	1.023		3				6			3		4		68	103	2.392			48	48
	2	50	955	1	14		1				5			2	13	200	102	2.501				49
	1	15	514		1		1		7		1	2	2	1	8	164	225	3.673			11	50
			43											1		2	3	278				51
	3	11	413		61		7		3					2		81	103	3.301				52
		7	114		1				1					2	8	49	72	2.385	1	9		53
	1	10	389		5		1		3					4	1	61	119	3.161			2	54
	15		492						10					4		24	39	1.741				55
		1	36		2		1		6					1		17	1	31			1	56
	2	2	234		12		1		7						1	50	86	1.221				57
1	22	78	1.209	1	123		1		38			2	6	4	25	1	358	728	8.939		37	58
	1		76		1				1					2		1	44	786			8	59
			35		2													32			7	60
	32	6	496		21		1		147				14	2		149	72	1.390			1	61
	1	34	1.162		9		2		7					5		168	247	6.877				62
	17	16	795	1	207				2					3	2	49	151	4.075			5	63
	16	28	902	6	25	1	2		95		2			1	2	75	202	4.254			2	64
	4	17	456		6		1		6					2	7	2	131	65	1.712		18	65
			12		19				1									294				66
	4	34	889		28				6			6		5		17	593	11.665			2	67
1	5	51	1.347		22	1	6		3		5		1	6	4	85	231	5.933			4	68
1	30	37	679	3	249		7	5	27		2			2	4	234	272	4.315			3	69
	14	37	1.238		24		4		21		13		5	3	37	5	252	165	5.078		62	70
	45	2	496	1	21				2		1			5	32	112	234	3.262			6	71
	2	23	453	1	47		6		15		2				1	9	17	1.460			3	72
1	3	1	225		9				5					3		5	126	2.008				73
	3	3	162		2				74		2				2	9	117	2.311			2	74
	6	47	1.075		237	1	3	19	76		3			1	8	2	105	203	5.139		6	75
	2	12	218		4				11					4		6	60	1.177				76
	8	9	308		73		7		6	1	3		2	7		19	67	1.474				77
	41	15	602	2	4		1	57	103		3		7	3		51	68	1.118			108	78
12	34	15	873		12		5	1	12		11		1	1	9	1	87	191	5.522		39	79
			82						2							2	47	961			5	80

CASOS ACUMULADOS: ENFERMIDADES DE BAIXA INCIDENCIA

SEMANAS 1-46

Comarca	Enfermidade
10 Ponteceso.....	1 Carbungo
38 Marín.....	1 Tétano
40 Redondela.....	1 Paludismo 29 Feb. exam.
41 Vigo.....	1 Paludismo
51 Mondoñedo.....	1 Tétano
52 Ribadeo.....	1 Tétano
68 O Carballiño.....	1 Tétano
70 Ourense.....	1 Tétano

(Ven da páx. 3)

mellora das vivendas que permita reempraza-las que estean por debaixo da normativa vixente e reduci-lo amontoamento; elaboración, mesmo se aínda non existen, de criterios sanitarios internacionais que sexan aplicables ós aspectos públicos do hábitat, tales como espaciao, calefacción, iluminación, eliminación de residuos, loita contra o ruído e seguridade; por outra banda, haberá que ter en conta as necesidades particulares de grupos como familias xóvenes, persoas maiores e inválidos e deberáanse adoptar medidas administrativas, lexislativas e técnicas para facer posibles estes criterios; mellora dos plans urbanísticos co fin de favorecer a saúde e o ben-estar humanos; garanti-la seguridade da circulación, conservación dos espazos libres e das zonas recreativas, facilitar contactos e relacións entre persoas; instalación en tódalas vivendas de servizos sanitarios apropiados e, nas agrupacións humanas de importancia, dunha rede de sumidoiros e dun sistema eficaz de limpeza e eliminación de residuos.

Enunciado do problema

O medio das colectividades humanas é un factor fundamental para a saúde física e mental, para o ben-estar e, en xeral, para a calidade de vida das persoas que alí residen. A pesar dos grandes progresos que se teñen realizado no transcurso dos últimos decenios, as condicións hixiénicas de numerosas cidades, grandes e medianas, e vilas da Rexión europea, e en particular as súas condicións de habitabilidade, son aínda insuficientes. Algunhas grandes aglomeracións urbanas non contan aínda con rede completa de sumidoiros ou non dispoñen dun sistema eficaz de limpeza, de desaugadoiro de augas residuais ou de eliminación de residuos.

O nivel hixiénico nas colectividades humanas é un factor sanitario moi importante, especialmente para os que pasan a maior parte do tempo nas vivendas, como os nenos recém nados, os mozos, as persoas maiores e os minusválidos. As condicións de vivenda, en calquera ca-

so, inflúen na saúde e no ben-estar físico de todos; sen embargo, actualmente, en Europa, millóns de persoas viven en aloxamentos que están moi por baixo das normas de habitabilidade.

Estímase que un 34 por 100 dispoñen de menos de 8 m.² de espaciao por persoa, que un 42 por 100 de vivendas non teñen calefacción suficiente e que un 25 por 100 están desprovistas da máis mínima instalación sanitaria. Nalgúns países, a maior parte da poboación non dispón máis ca dun servizo con auga corrente e, en certas partes da Rexión, millóns de persoas viven en chabolas.

Segundo as previsións, a taxa de crecemento da poboación para o total da Rexión debería ser do 0,5-0,7 por 100 ata o ano 2000, pero nalgúns zonas, especialmente na mediterránea, este valor sobrepasarase con exceso. A todo isto, engádesa a constante corrente de emigración das zonas rurais ás urbanas, o que fai máis acuciante a necesidade de vivendas nas cidades medianas e grandes. A este respecto, pódese afirmar que a incidencia das enfermidades respiratorias está intimamente relacionada cos factores ambientais, tales como a calidade de vida e a densidade de ocupación. Nos países mediterráneos existe unha significativa relación entre as malas condicións das vivendas e a tuberculose e as enfermidades entéricas.

Nalgúns casos, a evolución social produciu o efecto de degrada-las zonas centrais das grandes cidades cos seguintes consecuencias: superpoboamento, hixiene insuficiente, contaminación, risco de accidentes de circulación e ausencia total de medidas que promocionen a saúde. A práctica da migración acentuou a demanda de vivendas en certos lugares. As zonas que rodean os barrios insalubres están, con frecuencia, abandonadas e infectadas de animais errantes, de roedores e de insectos.

Os efectos deprimentes dun medio ambiente porco, lúgubre e monótono respecto ó equilibrio mental das persoas son difíciles de cuantificar pero, indubidablemente, inflúen dun xeito decisivo na saúde e no ben-estar humano.

Nos países desenrolados o uso da climatización e as medidas de economía enerxética trouxeron canda si un agravamento dos problemas da calidade do aire interior. Os olores presumiblemente nocivos dos óxidos de azoe, o fume do tabaco, do formaldehído e das emanacións de radio pódense medir nas habitacións. A contaminación prodúcese polos produtos illantes, os aparellos de calefacción con aceite pesado e os modernos materiais de construción. Xa que os europeos pasan o 90 por 100 da súa vida nestes locais, os efectos do clima interior sobre a saúde son innegables.

En tódolos países da Rexión se observa unha indubidable incidencia de accidentes no domicilio que, por outra parte, constitúen unha importante causa de incapacidade e mortalidade.

Solucións posibles

Esta situación podería mellorarse se tódolos países tomasen medidas eficaces para reduci-la excesiva ocupación das vivendas, vixia-la calefacción, a iluminación, a cocción dos alimentos e a hixiénica evacuación dos desperdicios, así como para reduci-lo ruído ambiental a niveis aceptables.

Unha prudente e eficaz actuación urbanística que tivese en conta os seguintes efectos contribuiría en gran medida a crear un medio saudable: seguridade da circulación, evacuación das augas fecais, mellora das zonas recreativas e fomento dos contactos e relacións humanas. En moitos países sería conveniente que o sector sanitario

participase máis directamente na planificación das vivendas das colectividades.

Igualmente deberían dictarse normas mínimas sobre a salubridade da vivenda, referidas á hixiene, a seguridade, o espazo, a iluminación, o illamento acústico e calorífico. Tamén se deberían fixar criterios sobre a calidade do aire interior. De acordo cos criterios do Decenio Internacional da auga potable e o saneamento, tódalas vivendas deberían dispoñer non só de auga potable senón de medios suficientes para eliminar as augas residuais.

Debería, tamén, vixiarse que os edificios respondesen ás necesidades dos inválidos e das persoas maiores e que aportasen as condicións necesarias para fomentar unha grata vida familiar. Por outra banda, cómpre establecer normas e medidas para a construción de edificios, mobiliario e instalacións interiores que, unidos a programas continuados de ensino e divulgación, contribúan a reducir sensiblemente a incidencia dos accidentes domésticos.

Obxectivo 25.

Medio ambiente de traballo

De aquí a 1995, as poboacións da Rexión deberían estar eficazmente protexidas contra os perigos que axenan a saúde na súa relación co traballo.

A posta en práctica deste obxectivo basearíase nos seguintes puntos: creación de servizos de hixiene no traballo que respondesen ás necesidades de tódolos traballadores; elaboración de criterios sanitarios de protección dos traballadores dos riscos biolóxicos, químicos e físicos; posta en práctica de medidas técnicas e educativas para reducir os efectos dos factores de risco relacionados co traballo; protección dos traballadores que sexan especialmente vulnerables.

Enunciado do problema

Traballar a gusto nun ambiente seguro e agradable é unha fonte de saúde e ben-estar para o ser humano. Sen embargo, é preciso recoñecer que os condicionamentos físicos e psicolóxicos do traballo son, con frecuencia, a orixe de enfermidades e lesións. Numerosos traballadores están expostos a substancias químicas tóxicas, a póis e fibras nocivas, a ruidos e a riscos de accidentes mortais ou que produzan incapacidade.

Nalgúns países europeos a incidencia dos accidentes no lugar de traballo a penas si descendeu no transcurso dos últimos dez anos. En determinados sectores industriais, como as minas, canteiras ou a construción, púderonse comprobar variacións importantes entre os países da Rexión no que se refire á frecuencia dos accidentes e que, aparentemente, se deben á diferente eficacia dos regulamentos, así como á carencia de instrucións de seguridade para os traballadores.

Aqueles que traballan por conta propia, os obreiros agrícolas, os da construción e os traballadores de pequenas empresas están, con frecuencia, expostos a un maior risco.

Non se dispón de cifras sobre a incidencia total das enfermidades profesionais na Rexión, a pesar de que se posúen datos sobre os efectos de certas substancias como o chumbo, o arsénico, o amianto e o cloruro de vinilo e das súas actividades industriais como as minas de carbón, as canteiras e a fabricación de mobles.

Nalgúns países téñense estadísticas sobre mortalidade

devida a enfermidades industriais como a asbestose, a silicose, a neumoconiose e a lisinose. Hábitos individuais, como o tabaquismo, poden agrava-lo perigo para a saúde destas enfermidades profesionais.

Debido á crecente proporción de mulleres que traballan, proporción que está actualmente entre o 30 e o 40 por 100 en Europa, empezáronse a estudar con intensidade os efectos potenciais das substancias químicas sobre os procesos reprodutores do home e da muller. Os problemas mentais, as enfermidades relacionadas coa hipertensión e o infarto de miocardio producidas polo «stress» psicolóxico e social, asociáronse a determinadas condicións de traballo, á modificación destas condicións e ó paro. Por outra banda, os altos niveis de ruído poden causarlles problemas ós traballadores, así como graves deficiencias físicas.

Na maioría dos países da Rexión os datos rexistrados no tocante á saúde dos traballadores son insuficientes e non é posible establecer relacións precisas entre estes datos e as cifras concernentes á súa morbilidade. A coordinación entre os servizos dedicados a garantir a saúde dos traballadores e o resto dos sistemas sanitarios son frecuentemente insuficientes.

Solucións posibles

Para acadarmos este obxectivo, cumpriría conseguir que os servizos sanitarios dos traballadores cubrisen tódalas súas necesidades e prever sistemas de declaración de datos que facilitasen a identificación dos riscos, a súa avaliación e a comprobación da eficacia das medidas de control.

Os servizos de sanidade profesional deberían extenderse a tódolos lugares de traballo, incluído o domicilio.

Nalgúns países sería preciso adaptar ou intensificar os programas de formación e divulgación a tódalas categorías do persoal traballador.

É importante que os traballadores, os empregados e o público en xeral, participen na elaboración de informacións sobre a maneira de mellora-las condicións de traballo para evitar riscos profesionais, que se deben referir tamén ás súas mutuas relacións e ós hábitos persoais, como o tabaquismo.

A lexislación, os estímulos económicos e a mellora das relacións empresario/empregado facilitarán a promoción da saúde e a prevención de riscos. O coñecemento dos riscos do lugar de traballo e dos procesos e materias especialmente nocivos facilitarán, igualmente, a acción preventiva. Aqueles grupos sometidos a un maior risco precizarán unha atención especial. As medidas tendentes a reducir os riscos deberían incluír a adopción de métodos que ofrecen unha maior seguridade e, nalgúns casos, a substitución ou o control rigoroso daquelas substancias químicas perigosas, especialmente as que teñan efectos canceríxenos, teratóxenos ou mutáxenos.

Será preciso, así mesmo, reforzármo-los métodos e procedementos para vixiar as substancias químicas, os pos, as fibras e os deslumbramentos no lugar de traballo. Deberíanse adotar, por outra banda, uns criterios de saúde elaborados internacionalmente para poder avaliar os riscos e proceder en consecuencia. Os estudos epidemiolóxicos e os procedementos para vixiar a saúde dos traballadores deberíanse implantar en numerosos países da Rexión.

Finalmente, cómpre aunarmos tódolos esforzos para mellora-la relación entre os servizos de sanidade profesional e o conxunto do sistema sanitario a tódolos niveis, desde os escalóns superiores do Goberno central ata as unidades máis inferiores da sanidade primaria.

CONCELLOS E AGREGACIÓN COMARCAL

(NIVEL VI MAPA SANITARIO DE GALICIA)

COMARCA DE CEDEIRA

Concello de Cedeira
Concello de Cerdido

COMARCA DE ORTIGUEIRA

Concello de Ortigueira
Concello de Mañón

COMARCA DE NARÓN

Concello de Valdovíno
Concello de Narón
Concello de San Sadurniño
Concello de Moeche
Concello de Neda

COMARCA DE AS PONTES

Concello de Somozas
Concello de As Pontes

COMARCA DE FERROL

Concello de Ferrol

COMARCA DE FENE

Concello de Ares
Concello de Mugaros
Concello de Fene
Concello de Capela

COMARCA DE PONTEDEUME

Concello de Cabanas
Concello de Pontedeume
Concello de Miño
Concello de Vilarmair
Concello de Monferró

COMARCA DE CEE

Concello de Noia
Concello de Dumbría
Concello de Cee
Concello de Fisterra
Concello de Corcubión
Concello de Ezaro-O Pindo (zona asimilada)

COMARCA DE VIMIANZO

Concello de Camariñas
Concello de Vicianzo
(Parroquias de Allo,
Baio e Vilar Zas)

COMARCA DE PONTECESO

Concello de Malpica
Concello de Ponteceso
Concello de Cabana
Concello de Laxe

COMARCA DE CARBALLO

Concello de Laracha
Concello de Carballo
Concello de Coristanco

COMARCA DE ARTEIXO

Concello de Arteixo

COMARCA DE A CORUÑA

Concello de A Coruña

COMARCA DE CULLEREDO-O BURGO

Concello de Culleredo
Concello de Cambre
Concello de Carral
Concello de Cerceda

COMARCA DE OLEIROS

Concello de Oleiros
Concello de Sada

COMARCA DE BETANZOS

Concello de Bergondo
Concello de Betanzos
Concello de Paderne
Concello de Irixoa
Concello de Abegondo
Concello de Oza dos Rios
Concello de Coiroa
Concello de Aranga
Concello de Cesuras

COMARCA DE SANTA COMBA

Concello de Zas
Concello de Santa Comba
Concello de Mazaricos

COMARCA DE NEGREIRA

Concello de A Baña
Concello de Negreira

COMARCA DE ORESTES

Concello de Tordoia
Concello de Ordes
Concello de Mesía
Concello de Fraades
Concello de Oroso

COMARCA DE CURTIS-TEIXEIRO

Concello de Curtis
Concello de Vilasantar
Concello de Sobrado

COMARCA DE SANTIAGO

Concello de Val do Dubra
Concello de Trazo
Concello de Ames
Concello de Santiago
Concello de O Pino
Concello de Boqueixón
Concello de Touro
Concello de Brion
Concello de Teo
Concello de Vedra

COMARCA DE MELIDE

Concello de Boimorto
Concello de Arzúa
Concello de Melide
Concello de Toques
Concello de Santiso

COMARCA DE MUROS

Concello de Carnota
Concello de Muros

COMARCA DE NOIA

Concello de Outes
Concello de Noia
Concello de Lousame
Concello de Porto do Son

COMARCA DE PADRÓN

Concello de Rois
Concello de Padrón
Concello de Dodro
Concello de Pontecesures
Concello de Valga

COMARCA DE BOIRO

Concello de Boiro
Concello de Rianxo

COMARCA DE RIBEIRA

Concello de A Pobra do Caramiñal
Concello de Ribeira

COMARCA DE A ESTRADA

Concello de A Estrada
Concello de Cuntis

COMARCA DE LALÍN

Concello de Vila de Cruces
Concello de A Golada
Concello de Silleda
Concello de Lalin
Concello de Rodeiro
Concello de Dozón

COMARCA DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Concello de Catoira
Concello de Vilagarcía de Arousa
COMARCA DE CALDAS DE REIS
Concello de Caldas de Reis
Concello de Portas
Concello de Moraña

COMARCA DE VILANOVA DE AROUSA

Concello de Vilanova de Arousa

COMARCA DE CAMBADOS

Concello de Cambados
Concello de Ribadumia
Concello de Meis

COMARCA DE O GROVE

Concello de O Grove

COMARCA DE SANXENXO

Concello de Sanxenxo
Concello de Meaño

COMARCA DE PONTEVEDRA

Concello de Barro
Concello de Campo-Lameiro
Concello de Poio

Concello de Pontevedra

Concello de Cotobade
Concello de Vilaboa
Concello de Ponte-Caldelas
Concello de A Lama

COMARCA DE FORCAREI

Concello de Cerdedo
Concello de Forcarei

COMARCA DE MARÍN

Concello de Marín
Concello de Bueu

COMARCA DE CANGAS

Concello de Cangas
Concello de Moaña

COMARCA DE REDONDELA

Concello de Soutomaior
Concello de Redondeira
Concello de Pazos de Borben
Concello de Fornelos de Montes

COMARCA DE VIGO

Concello de Vigo

COMARCA DE VAL MIÑOR-PANXÓN

Concello de Nigrán
Concello de Baiona
Concello de Gondomar

COMARCA DE PORRIÑO

Concello de Mos
Concello de Porriño
Concello de Salceda de Caselas

COMARCA DE PONTEAREAS

Concello de Pontearreas
Concello de Mondariz-Balneario
Concello de Mondariz
Concello de Covelo

COMARCA DE A CAÑIZA

Concello de A Cañiza
Concello de Crecente
Concello de Arbo

COMARCA DE A GUARDA

Concello de Oia
Concello de O Rosal
Concello de A Guarda

COMARCA DE TUI

Concello de Tomiño
Concello de Tui

COMARCA DE SALVATERRA DE MIÑO

Concello de Salvaterra de Miño
Concello de As Neves

COMARCA DE VIVEIRO

Concello de Vicedo
Concello de Viveiro
Concello de Ouro

COMARCA DE CERVO-BURELA

Concello de Xove
Concello de Cervo
Concello de Foz
Concello de Valalouro
Concello de Alfoz

COMARCA DE MONDOÑEDO

Concello de Mondoñedo
Concello de Lourenza

COMARCA DE RIBADEO

Concello de Barreiros
Concello de Ribadeo
Concello de Trabada

COMARCA DE VILALBA

Concello de Muras
Concello de Xermade
Concello de Vilalba
Concello de Abadín
Concello de Cospeito

COMARCA DE MEIRA

Concello de A Pastoriza
Concello de Riotorto
Concello de A Pontenova Viladriç
Concello de Meira
Concello de Ribeira de Piquín
Concello de Pol
Concello de Castro de Rei (metade Norte)

COMARCA DE A FONSGRADA

Concello de A Fonsagrada
Concello de Nogueira de Muñiz

COMARCA DE GUITIRIZ

Concello de Guitiriz

COMARCA DE RÁBADA

Concello de Begonte
Concello de Rábada
Concello de Outeiro de Rei

COMARCA DE LUGO

Concello de Castro de Rei (metade Sur)

Concello de Friol
Concello de Lugo
Concello de Guntín
Concello de O Corgo
Concello de Portomarín
Concello de Taboada

COMARCA DE CASTROVERDE

Concello de Baleira

COMARCA DE PALAS DE REI

Concello de Palas de Rei

COMARCA DE MONTERROSO

Concello de Antas de Ulla
Concello de Monterroso

COMARCA DE SARRIA

Concello de O Páramo
Concello de Sarria
Concello de Luncara
Concello de Paradela
Concello de O Incio
Concello de Samos
Concello de Triacastela

COMARCA DE BECERREÁ

Concello de Baralla (Neira de Xusá)
Concello de Becerreá
Concello de Navia de Suarna
Concello de As Nogais
Concello de Cervantes
Concello de Pedrafita

COMARCA DE CHANTADA

Concello de Chantada
Concello de Carballedo

COMARCA DE MONFORTE DE LEMOS

Concello de O Saviñao
Concello de Bóveda
Concello de Pantón
Concello de Monforte de Lemos
Concello de Pobra de Brollón
Concello de Sober

COMARCA DE QUIROGA

Concello de Folgoso de Courel
Concello de Quiroga
Concello de Ribas de Sil

COMARCA DE O BARCO

Concello de A Rúa
Concello de Vilamartín de Valdeorras
Concello de O Barco
Concello de Rubiá
Concello de Carballeda
Concello de Larouco
Concello de Petín
Concello de O Bolo

COMARCA DE O CARBALLIÑO

Concello de O Irixo
Concello de Piñor de Cea
Concello de San Cristovo de Cea
Concello de Beariz
Concello de Boborás
Concello de O Carballiño
Concello de Maside
Concello de San Amaro
Concello de Punxín

COMARCA DE RIBADAVIA

Concello de Avión
Concello de Leiro
Concello de Beade
Concello de Melón

Concello de Ribadavia

Concello de Castelo de Miño
Concello de Arnoia
Concello de Cortegada

COMARCA DE OURENSE

Concello de Vilamarín
Concello de A Peroxa
Concello de Os Peares
Concello de Amoeiro
Concello de Coles

Concello de Nogueira de Ramuín

Concello de Ourense
Concello de Pereiro de Aguiar
Concello de Toén
Concello de Barbadás
Concello de San Ciprián de Viñas

COMARCA DE MACEDA

Concello de Espos
Concello de Xunqueira de Espadanedo
Concello de Paderne de Allariz
Concello de Maceda
Concello de Baños de Molgas
Concello de Vilar de Barrio

COMARCA DE CASTRO-CALDELAS

Concello de Parada do Sil
Concello de A Teixeira
Concello de Castro-Caldelas
Concello de Montederramo

COMARCA DE A POBRA DE TRIVES

Concello de San Xoán de Río
Concello de A Pobra de Trives
Concello de Chandrea de Queixa
Concello de Manzaneda

COMARCA DE VIANA DO BOLO

Concello de A Veiga
Concello de Vilarinho de Conso
Concello de Viana do Bolo

COMARCA DE CELANOVA

Concello de Cartelle
Concello de A Merca
Concello de Gomecende
Concello de Ramirás
Concello de Celanova
Concello de A Bola
Concello de Pontedeiva
Concello de Padrenda
Concello de Quintela de Leirado
Concello de Verea

COMARCA DE ALLARIZ

Concello de Taboadela
Concello de Allariz
Concello de Xunqueira de Ambia

COMARCA DE BANDE

Concello de Bande
Concello de Lobeira
Concello de Entrimo
Concello de Lovios
Concello de Muíños

COMARCA DE XINZO DE LIMIA

Concello de Rairiz de Veiga
Concello de Vilar de Santos
Concello de Sandiás
Concello de Porqueira
Concello de Xinzo de Limia
Concello de Trasmiras
Concello de Calvos de Randín
Concello de Blancos
Concello de Baltar
Concello de Sarreaus

COMARCA DE VERÍN

Concello de Laza
Concello de Castelo de Val
Concello de Cualedro
Concello de Monterrei
Concello de Ombra
Concello de Verín
Concello de Vilardevós

COMARCA DE A GUDIÑA

Concello de Rios
Concello de A Gudiña
Concello de A Mezquita



CONSELLERÍA DE SANIDADE
E SEGURIDADE SOCIAL